

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME01	Mecanizado	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0008	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0008_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0008_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	AMADEO DOCAMPO SÁNCHEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dentro do proceso de implantación dos novos currículos da Especialidade de FOL, vaise impartir no presente curso académico 2023/2024 o temario correspondente a varios ciclos formativos; todos eles cunha carga horaria diferente a respecto do módulo de FOL-Logse que viña impartíndose denantes da publicación dos novos currículos.

Basicamente trátase dun módulo que ten como obxectivos xerais o dar a coñecer ao alumnado o que son as relacións laborais; os dereitos e obrigas que se derivan; o que é o sistema social de protección; o que son os riscos profesionais e a maneira de evitar enfermidades e accidentes, así como actuar prestando os primeiros auxilios; así como de técnicas para organizar a busca de emprego.

O módulo de FOL, catalogado como de carácter especial pola L.O.E., forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional regrada. E isto é así debido a que todos os alumnos que pretenden converterse en futuros profesionais deben recibir unha formación básica xeral con independencia do seu perfil profesional. Todos eles deberán coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores por conta allea, recibir formación básica en prevención de riscos laborais e adestrarse nas técnicas de busca de emprego que posibiliten a súa inserción laboral.

No contexto galego, compre destacar a atribución dunha carga horaria específica para cada unha das dúas unidades formativas do módulo. Así, atribuíndo un total de 45 horas á UF1, dótase ao módulo de FOL dun valor engadido, xa que a superación do módulo facilita a obtención do título de Técnico Básico en Prevención de Riscos Laborais.

Ademais compre engadir que a Lei Orgánica de Educación modifica o módulo de FOL a fin de incorporar os contidos do curso básico de prevención de riscos laborais establecido no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizo de Prevención. Con esta novidade, dende o sistema educativo garántese que o alumnado adquira unhas competencias en materia de prevención que posibilitarán unha prevención eficaz e integrada no contorno laboral.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, por tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto emitido polo ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común en todos os ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior. Isto supón unha importante novidade no deseño curricular establecido pola LOE para este módulo.

Os alumnos e alumnas que acoden ao Politécnico son basicamente de Vigo e da área metropolitana. Unha zona con grandes posibilidades de emprego e con gran tradición industrial e comercial.

Con suxeición aos obxectivos xerais establecidos no Decreto 114/2010, polo que se establece a ordenación xeral da FP no sistema educativo de Galicia e tendo á vista o sinalado na Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no Real Decreto 1398/2007, de 29 de outubro, que establece o título de Técnico de Mecanizado, e fixa as ensinanzas mínimas del, tendo en conta a realidade do alumnado do Politécnico, particularizados en cada unha das oito Unidades Didácticas a desenvolver, sinaláanse como obxectivos xerais, en relación co ámbito produtivo, os seguintes:

- Comprender os mecanismos de inserción profesional, os diferentes tipos de organizacións nos que poden chegar a traballar así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.
- Aprender a traballar en equipo, adestrar as habilidades sociais que lles permitan resolver conflitos de xeito positivo e tomar conciencia e fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres co obxecto de que poidan acceder a unha formación que lle permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio destas.
- Prever posibles riscos no traballo adoptando todas as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- Ter unha visión motivadora do perfil profesional que os dirixa a querer mellorar e adaptarse ós cambios que se produzan tanto na organización como no entorno produtivo.

Tendo á vista a lexislación educativa galega, conforme ao Decreto 114/2010 citado, enuméranse os seguintes obxectivos, vencellados estreitamente con este módulo de FOL-LOE:

Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.

- Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Traballar en condicións de seguridade e saúde, e prever os posibles riscos derivados do traballo.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- Tomando como referencia os DCBs, enuméranse os obxectivos didácticos que con carácter xeral se pretenden acadar con cada módulo profesional. Estes obxectivos nos DCBs dos ciclos formativos de FP exprésanse en termos de Resultados de Aprendizaxe (RA) e enténdense como as competencias que debe adquirir o alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe que lles ha de permitir desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

O art. 10 do Decreto 114/2010, que sinala que o currículo de determinados módulos profesionais pode dividirse en Unidades Formativas de menor duración. Este é caso do módulo de FOL, no que os RAs. distribúense en dous bloques ou Unidades Formativas:

Resultados da Aprendizaxe da U. F. 1: Prevención de Riscos laborais (45 horas)

RA1.1. Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.

RA1.2. Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector.

RA1.3. Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.

Que implican unha serie de resultados a obter entre os que se sinalan os seguintes:

- Recoñecer e identificar os termos asociados á saúde e seguridade laboral xunto cos dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias en esta materia.
- Analizar e avaliar as condicións do posto de traballo e os factores de risco máis habituais no sector administrativo que poidan afectar á súa saúde.
- Coñecer o plan de prevención de riscos laborais dun centro de traballo, todos os axentes implicados e as súas responsabilidades e os organismos públicos relacionados coa materia.
- Definir as medidas de prevención e de protección individual e colectiva nas ocupacións e postos.

Resultados da Aprendizaxe da U. F. 2: Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social e procura de emprego (62 horas)

RA2.1. Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.

RA2.2. Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo

RA2.3. Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.

RA2.4. Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.

Que implican unha serie de resultados a obter entre os que se sinalan os seguintes:

- Formar ao alumnado no desenvolvemento de equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.
- Coñecer o sistema de Seguridade Social en España.
- Coñecer as diferentes relacións laborais entre organización e persoas traballadoras así como os dereitos e deberes derivados das mesmas.
- Planificar o itinerario profesional individual tendo en conta a educación permanente e as oportunidades de emprego ó longo da vida.

Atendendo a estes obxectivos, que con carácter xeral establece a lexislación educativa, basicamente a LOE, a galega e os DCBs dos ciclos formativos, sinálanse os obxectivos específicos do módulo para cada unidade didáctica, que cada profesor do departamento de FOL do IES Politécnico poderá completar con aqueles outros que considere necesarios a partir da realidade do alumnado do ciclo específico no que imparta.

Entre eles sinálanse:

Que o alumnado coñeza os dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.

Que o alumnado sexa consciente da gravidade das patoloxías laborais que se producen, malia que a maioría son evitables.

Que coñezan algunha das técnicas de avaliación de riscos e mesmo saiban o funcionamento dalgunha delas.

Que saiban avaliar os riscos ligados ás condicións de seguridade, ás medioambientais, ás ergonómicas e psicosiais e ás particulares das empresas dedicadas a produción mecánica.

Que sexan conscientes das obrigas dos empresarios no control dos riscos.

Que sexan conscientes da importancia de todos os axentes productivos e do empresariado na xestión da prevención na empresa.

Que sexan conscientes das obrigas e dereitos dos traballadores na utilización das medidas de seguridade implantadas, tanto individuais como colectivas.

Que coñezan o procedemento da investigación do accidente de traballo.

Que saiban interpretar un estudo de sinistralidade laboral e se decaten das súas repercusións económicas.

Que coñezan a lexislación vixente máis importante nesta materia, sobre todo no referente aos dereitos e obrigas.

Que coñezan os organismos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Que sexan conscientes da necesidade da elaboración dun plan de emerxencia e dos protocolos de actuación ante unha situación de emerxencia.

Que os alumnos e alumnas se familiaricen cunha serie de conceptos básicos que se empregan na seguridade e hixiene no traballo.

Que saiban valorar a relación entre o traballo e a saúde.

Que saiban analizar os factores de risco en relación ao entorno laboral, ambiental e en relación coas empresas dedicadas a fabricación mecánica.

Que saiban determinar os posibles danos á saúde do traballador que poden derivarse dos riscos.

Que saiban elaborar un plan de emerxencias nunha "pyme" relacionada cos sectores de actividade desta titulación.

Que sexan capaces de distinguir correctamente os distintos tipos de patoloxías aos que se poden ver sometidos no desenvolvemento do seu futuro traballo.

Que saiban valorar a diferenza entre enfermidade laboral e enfermidade común, sobre todo polas súas consecuencias económicas.

Que saiban a diferenza legal entre unha enfermidade profesional ou un accidente derivados dunha patoloxía laboral.

Que coñezan as distintas técnicas en que está estruturada a Seguridade e Hixiene no Traballo.

Que os alumnos e alumnas coñezan os efectos nocivos dos factores psicosociais do traballo.

Que sexan conscientes da dificultade de aplicar as medidas de prevención neste factor.

Que coñezan os organismos públicos relacionados coa prevención.

Que sexan conscientes da importancia de planificar a prevención.

Que comprendan a importancia da serie de factores que teñen que darse, para que un tóxico poida producir danos no traballador.

Que coñezan a existencia de valores límites de exposición a partir dos que é probable que se produzan danos na saúde.

Que diferencien os axentes biolóxicos e as enfermidades que poden producir.

Que teñan coñecemento de medidas a aplicar para minorar os danos.

Que coñezan as medidas de protección individuais e colectivas.

Que identifiquen os protocolos de actuación en situación de emerxencias.

Que os alumnos e alumnas coñezan os danos que pode producir o ruído na saúde e medidas a adoptar para evitalos.

Que sexan conscientes dos efectos perxudiciais das ondas electromagnéticas.

Que coñezan as diferentes variedades de ondas electromagnéticas e as medidas de seguridade ante elas.

Que saiban valorar a importancia dunha boa iluminación e as consecuencias cando é deficiente.

Que entendan os riscos de traballar coa corrente eléctrica.

Que coñezan os tipos de lume e as substancias extintoras para cada un deles.

Que saiban como se poden traballar de forma menos danina usando equipos informáticos.

Que o alumnado sexa consciente da obriga moral e legal de atender ao ferido e da transcendencia penal de non facelo.

Que saiban facer unha composición do lugar, avaliando a gravidade dos accidentados e das lesións.

Que coñezan a aplicación das técnicas para cortar a hemorraxia.

Que saiban como actuar ante un accidentado por queimadura.

Que saiban facer unha masaxe cardíaca e unha respiración boca a boca ou similar.

Que teñan uns coñecementos mínimos para actuar ante unha fractura, luxación ou escordadura.

Que o alumnado coñeza a evolución do Dereito Laboral a través da historia.

Que saiba a importancia que a toma de conciencia e a unión dos traballadores en asociacións tiveron na evolución das condicións do traballo e no nacemento do dereito sindical.

Que saiba valorar a importancia social das normas.

Que diferencie entre as relacións ás que se aplica o dereito laboral e aquelas que están excluídas ou reguladas por normas especiais.

Que saiba relacionar as distintas fontes do dereito laboral.

Que entenda os principios de aplicación das normas laborais.

Que diferencie os órganos encargados da administración e xurisdición laborais.

Que saiba cando acudir á Inspección de Traballo.

Que comprenda a importancia da O.I.T. para a mellora dos dereitos laborais a nivel mundial.

Que os alumnos e alumnas entendan que é un contrato de traballo e cáles son os requisitos para poder formalizalo.

Que coñezan as incidencias que para contratar teñen a capacidade, o sexo e a idade.

Que saiban como afecta a estranxeiría para poder contratar.

Que comprendan que é o período de proba e cáles son os seus efectos.

Que se familiaricen coas formas e cos requisitos que revisten os contratos.

Que saiban identificar as características básicas dos contratos máis usuais, ou dos que máis poidan afectarche, tales como o contrato en prácticas, para a formación, por obra ou servizo e indefinido, etc.

Que entendan en qué circunstancias un contrato temporal podería ser considerado como fraude de lei e cáles son os efectos que se derivan.

Que os alumnos coñezan a estrutura e clases de salario.

Que entendan a importancia da existencia dun S.M.I. e da súa función social.

Que coñezan as garantías do salario dos traballadores para o caso de que as empresas non poidan facer fronte ao seu abono.

Que saiban confeccionar e interpretar unha folla de salarios.

Que diferencien entre voluntariado e prestación laboral.

Que coñezan o convenio colectivo en vigor do sector da produción mecánica na provincia de Pontevedra.

Que coñezan o concepto e os límites da xornada laboral.

Que saiban que existen formas flexibles de organización da prestación da xornada e que entendan os seus beneficios.

Que distinguan as diferentes xornadas de traballo.

Que coñezan o dereito ás vacacións anuais, así como os diferentes permisos, licencias e descanso a que teñen dereito os traballadores.

Que os alumnos e alumnas coñezan as limitacións legais para a realización de horas extraordinarias, así como a súa retribución.

Que o alumnado comprenda como pode evolucionar o contrato de traballo en función do "ius va-riandi" do empresario.

Que se familiaricen cos conceptos de mobilidade xeográfica e funcional.

Que entendan como as condicións do contrato poden variar, cómo debe facerse e cal é o dereito dos traballadores.

Que saiban distinguir os tipos de suspensión do contrato.

Que aprendan a identificar as causas e os efectos das distintas formas de extinción do contrato.

Que entendan a mecánica e o valor das chamadas "liquidacións" ou finiquito.

Que o alumnado saiba o que é un sindicato, así como a importancia de ser un sindicato máis representativo.

Que coñezan o proceso de eleccións sindicais.

Que entendan a participación dos traballadores e traballadoras na empresa a través dos seus representantes sindicais.

Que diferencien as organizacións sindicais das asociacións patronais.

Que entendan a importancia da negociación colectiva e saiban como se negocia un convenio.

Que identifiquen os requisitos e consecuencias do exercicio do dereito de folga.

Que saiban diferenciar a folga do peche patronal.

Que se familiaricen con métodos para a resolución ou supresión do conflito.

Que valoren a importancia e vantaxes do traballo en equipo e a súa importancia nun sector como o de fabricación mecánica.

Que os alumnos e alumnas se familiaricen co sistema de Seguridade Social español.

Que identifiquen as principais obrigas dos empresarios e as dos traballadores en relación coa Seguridade Social

Que entendan cómo funcionan as principais prestacións.

Que teñan referencias claras para calcular os importes das prestacións máis importantes.

Que coñezan como funciona o sistema de protección por desemprego.

Que sexan conscientes de que para ter dereito ás prestacións é necesario cumprir requisitos.

Que entendan cáles son as fontes de financiamento do sistema.

Que saiban valorar as ventaxas do traballo en equipo.

Que valoren positivamente a participación activa nos equipos de traballo.

Que o alumnado teña unhas noções básicas do que é o mercado laboral.

Que o identifiquen como algo cambiante, con profesións en desuso e outras emerxentes.

Que se mentalicen de que a formación é clave para adaptarse aos cambios do mercado laboral e aos que experimenta a propia profesión.

Que teñan conciencia da importancia da formación permanente para a traxectoria profesional e laboral dun técnico en produción por mecanizado.

Que identifiquen os itinerarios formativos relacionados co técnico en fabricación mecánica.

Que coñezan saídas profesionais relacionadas cos títulos aos que vai dirixida esta programación.

Que entendan que a inserción laboral ten uns mecanismos que é necesario coñecer para acceder ao emprego, e sobre todo, nas circunstancias actuais nas que o acceso o emprego é moi difícil, é preciso que o alumno coñeza e manexe as fontes de información sobre posibles empregos ou saídas profesionais e poder utilizalas de xeito autónomo, para o que é fundamental manexar as TIC.

Que saiban de institucións onde informarse para acceder ao emprego.

Que os alumnos comprendan a necesidade de planificar a busca de emprego.

Que comprendan a necesidade de desenvolver estratexias persoais que faciliten a busca de emprego.

Que sexan capaces de avaliar as posibilidades de emprego noutros territorios de Europa.

Que dispoñan de recursos para a busca de información referente ás ofertas de emprego.

Que saiban confeccionar documentos de presentación e currículos.

Que dispoñan de recursos para preparar a celebración dunha proba de selección.

Que saiban onde dirixirse como demandantes de emprego.

Que saiban cubrir os formularios específicos do Servizo Galego de Colocación.

Que o alumnado coñeza a existencia de convocatorias de emprego público.

Que dispoñan de recursos para presentarse a aquelas prazas que máis se adapten ao seu perfil.

Que saiban como acceder a informacións necesarias para poder participar nun proceso de selección.

Que dispoñan de información para a preparación dos procesos selectivos correspondentes.

Que o alumnado se dote de coñecementos para valorar o autoemprego como saída laboral.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais	Coñecemento dos dereitos e obrigas relacionadas coa seguridade e a saúde laboral, así coma a asunción dunha actitude responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco laboral	9	7
2	A avaliación dos riscos profesionais	Detección de situacións de risco mais habituais no sector productivo do ciclo, relacionando os riscos cos seus efectos sobre a saúde. Avaliación dos riscos mais habituais no sector	17	14
3	O plan de prevención	Definición dun plan de prevención, recoñecendo a importancia da súa existencia e identificación dos axentes responsables e representantes en materia preventiva	17	14
4	Medidas de prevención e protección	Identificación das técnicas de prevención e protección colectiva e individual en función do tipo de risco, Sinalización de seguridade. Coñecemento das técnicas básicas de primeiros auxilios que deben aplicarse en caso de accidente	11	8
5	O dereito do traballo	Identificación das fontes de dereito laboral e dos organismos públicos que poden intervir nunha relación laboral. Recoñecer a lexislación laboral vixente así coma os dereitos e deberes derivados dunha relación laboral	6	5
6	O contrato de traballo	Descrición dos elementos básicos do contrato de traballo diferenciando as modalidades de contratación vixentes e mais adecuadas a cada situación	8	6
7	O tempo de traballo e a súa retribución	Análise dos conceptos que integran a xornada laboral, Identificación dos conceptos retributivos que compoñen o recibo de salarios.	11	8
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Consiste en identificar as situacións en que o contrato de traballo pode modificarse de xeito legal. Diferenciar os casos de suspensión e extinción do contrato, identificando os dereitos e obrigas que se derivan en cada caso	12	9
9	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	Distinción dos órganos de representación dos traballadores na empresa, coñecendo as súas funcións, garantías e forma de elección. Análise do convenio colectivo do sector.	7	6
10	A Seguridade Social	Coñecemento da estrutura básica e réximes da Seguridade Social, identificando as obrigas do empresario e traballador coa Seguridade Social. Realización de cálculos básicos das prestacións contributivas máis comúns.	10	8
11	O traballo en equipo	Fomento da participación activa e responsable no traballo en equipo. Representación das técnicas de dinámica de grupos e técnicas de solución de conflitos	8	6
12	A procura de emprego	Planificación dun itinerario formativo-profesional acorde aos intereses, capacidades e competencias. Técnicas de procura de emprego. Fases dun proceso de selección	12	9

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais	9

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de mecanizado industrial.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.



**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación dos riscos profesionais	17

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de mecanizado industrial.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de mecanizado industrial en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de mecanizado industrial.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O plan de prevención	17

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en mecanizado.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de prevención e protección	11

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en mecanizado.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo	6

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O contrato de traballo	8

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	O tempo de traballo e a súa retribución	11

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en mecanizado.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	12

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	A representación dos traballadores e a negociación colectiva	7

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en mecanizado.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
ORepresentación das persoas traballadoras na empresa.  Conflitos colectivos.  Novos contornos de organización do traballo.  Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en mecanizado.  Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.



**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade Social	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valórouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

**4.11.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
11	O traballo en equipo	8

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en mecanizado e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de mecanizado industrial segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
12	A procura de emprego	12

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en mecanizado.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.12.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en mecanizado.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en mecanizado.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en mecanizado.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1.- Os alumnos/as deberán superar os mínimos esixíbeis establecidos en cada Unidade Didáctica das dúas Unidades Formativas que conforman o módulo de FOL.

Haberá exames que se corresponderán con cada avaliación. Serán nas datas anteriores ao Nadal, Semana Santa e fin do mes de Xuño. As datas dos exames fixaranse consultando cos alumnos, se estes non chegan a un acordo será o profesor quen a fixe. No caso de modificación avisarase oralmente na propia aula polo profesor con antelación debida.

Ao comezo do curso o profesor indicará aos alumnos como vai ser a proba final e como serán tamén as das avaliacións trimestrais, para que estes saiban como preparalas.

5.2.- CALIFICACIÓN DE CADA TRIMESTRE.

5.2.1.- ALUMOS CON DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.

A) PROBAS ESCRITAS

As probas escritas poderán conter preguntas cortas e exercicios prácticos, preguntas tipo test e preguntas verdadeiro/falso, con todos ou algúns de estos apartados.

Para as preguntas de desenvolvemento, de non establecerse nada, o valor será o mesmo para cada unha delas. Orientativamente, as preguntas das probas serán como mínimo 5 e como máximo 10, podendo conter apartados e subapartados, comprendéndose entre elas algún/s exercicios prácticos.

Coa finalidade de que os alumnos respondan sen temor, nos exames con preguntas tipo test ou verdadeiro/falso, non se valoran negativamente as respostas equivocadas, se ben, será preciso obter un mínimo dun 70% de respostas acertadas. Habitualmente os test constarán dun máximo de 50 preguntas con 4 respostas, das cales só haberá unha correcta.

Estas probas terán un peso para determinar a nota dun 80%.

B) ACTIVIDADES E EXERCICIOS PRÁCTICOS.

Actividades e casos prácticos: Observarase de xeito continuo a realización dos traballos desenvolvidos na aula e fora da mesma, o manexo do vocabulario e a resposta ás preguntas plantexadas polo profesor. Valorarase a participación activa e responsable, o traballo en equipo e a motivación amosada polo módulo. Para que este instrumento de avaliación sexa tamén de cualificación, levarase unha ficha persoal de cada alumno e alumna, na que se anotarán as cualificacións das actividades realizadas.(\*)

As actividades realizadas sobre os contidos de cada Unidade, cun peso máximo do 10%.

#### CUALIFICACIÓN DOS TRABALLOS.

Os traballos serán entregados a través da aula virtual CESGA e en formato PDF. Terase en conta:

- Presentación do traballo.-
- Portada do traballo si é o caso.
- Epígrafes
- Deseño de páxina, sangría, marxes, imaxes, tipo de letra, vimñetas e táboas.
- Bibliografía utilizada.
  
- Manexo do vocabulario propio da materia FOL.-
  
- Interpretación e aplicación da normativa laboral.
  
- Prazos de entrega.- Os traballos serán entregados dentro do prazo marcado na aula virtual.

Para a valoración do esforzo persoal e o interese amosado para a consecución de obxectivos, terá un peso máximo do 10%.

O alumno que se presenta a un exame está obrigado a entregalo ao profesor.

Un alumno que COPIE, ou intenten "cambiar" un papel por outro, é decir, incurra en prácticas fraudulentas no exame, non poderá continuar con él, quedando obrigado a facer outro, si así é o seu desexo, noutra día que oportunamente fixe o profesor.

No suposto de non asistencia a un exame, o alumno ou alumnos, terán dereito á súa realización noutra data fixada polo profesor, previa entrega do xustificante expdido por organismo oficial ou similar

#### C) PROBAS DE RECUPERACIÓN E PROBA FINAL.

Para aqueles alumnos que non superen a proba de un trimestre, terá dereito a presentarse a unha proba de recuperación, tal e como se especificará no apartado 6 desta programación.

En caso de non superar o exame de recuperación e, para aqueles alumnos que se encontren nesta situación, terán dereito a outra proba de recuperación, antes do exame de Recuperación Final ou Exame Final, programado para o mes de xuño. Neste último exame, cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Por tanto, poderá examinarse de 1, 2 ou 3 trimestres.

#### 5.2.2.- ALUMOS CON PÉRDIDA DE DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.

Os alumnos que teñan perdido o dereito de Avaliación continúa deberán realizar a Recuperación Final ou Exame Final, seguíndose como criterio de puntuación o expresado no punto b do epígrafe 6b.3 de esta programación (A cualificación das probas obxectivas escritas realizados polo alumno, supoñerá un 85% da cualificación, correspondendo un 15% á realización de traballos e actividades).

#### 5.2.3.- CUALIFICACIÓN FINAL.

Obterase calculando a media aritmética das cualificacións trimestrais, tendo en conta o especificado para alumnos/as que deban realizar os exames de recuperación. A puntuación das probas trimestrais escritas representarán ata un máximo de 8 puntos na nota final e os traballos e o esforzo por conseguir os obxectivos, non máis de 1 punto, respectivamente.

Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a proba final, se ben poderán facela para mellorar a cualificación obtida pola media aritmética das parciais (tomando en consideración as probas escritas, realización de traballos e participación). Neste último caso, a nota final será a acadada na proba final.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 nos exames de cada avaliación parcial para poder superar o módulo. Os alumnos que alcancen un 4 en cada un dos exames de avaliación (1ª, 2ª ou 3ª), terana aprobada, servindo os traballos e o esforzo para mellorar a nota nas porcentaxes indicadas.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

Para alumnos que non perderon o dereito a avaliación continua, E TEÑAN SUPERADOS OS TRES TRIMESTRES, A NOTA FINAL DO CURSO SERÁ A CORRESPONDENTE CA REFLEXADA NA TERCEIRA AVALIACIÓN.

(\*) ADVERTENCIA SOBRE AS ACTIVIDADES A REALIZAR POLO ALUMNADO.

Nos casos nos que o profesor sospeite que as actividades obrigatorias foron falseadas ou copiadas polos alumnos, este pode realizar as actuacións necesarias para obter unha aclaración por parte do alumno, chegando incluso, en caso de que o alumno non sexa capaz de acreditar a súa propia autoría, a obrigar ao alumno a repetir a actividade, ou examinandoa da mesma, así como poñer en coñecemento da Xefatura de Estudos o proceder do alumno os efectos de se cometeu algún feito sancionable.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

6a.- PROCEDEMENTO PARA AS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.

6a.1.- PROCEDEMENTO A SEGUIR POLO PROFESOR

De ser necesario o profesor poderá deseñar unha serie de exercicios e actividades a realizar polos/as estudantes que suspendan un trimestre, para que eles/as poidan realizalos de forma autónoma fóra do horario escolar e poder preguntar dúbidas na hora semanal de titoría ou durante as clases, se fose necesario. Estas tarefas do alumnado serán as mesmas cas realizadas en relación coas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa máis individualizada.

Igualmente poderán establecerse polo profesor actividades de reforzo para realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, aínda que aprobasen o trimestre, tal e como se expón no apartado 8 desta programación.

Os alumnos/as que non superasen algunha avaliación trimestral, terán unha nova oportunidade de facelo na proba escrita de recuperación programada para ser realizada con posterioridade á proba corresponde ao trimestre. Esta proba terá a mesma estrutura e número de preguntas que a inicial. En caso de suspendela aínda poderán realizar unha proba máis de recuperación logo da 3ª avaliación, e antes da escrita de Recuperación Final ou Exame Final que se programará para o mes de xuño.

Neste último exame, cada alumno/a terá dereito a recuperar o trimestre que non aprobouse ata esa data. Por tanto, poderá examinarse de 1, 2 ou 3 trimestres.

Polo tanto, na súa proba incluíranse supostos prácticos, exercicios de cálculo numérico e preguntas de resposta breve correspondentes ás unidades didácticas dos trimestres 1, 2 e/ou 3.

O criterio de cualificación na recuperación final será o seguinte: 100% proba escrita.

#### 6a.2.- OBSERVACIÓNS

Dadas as dúas Unidades Formativas e a diversidade de materias para cada unha das probas trimestrais, a superación da avaliación posterior NON comprende as anteriores agás que expresamente se indique o contrario polo profesor.

Para a avaliación do alumnado vanse empregar as seguintes técnicas e instrumentos:

- a) Probas escritas: valoración obxectiva da contestación conforme ao establecido no libro de texto ou Unidades facilitadas polo profesor. Agás indicación en contra polo profesor cada unha das preguntas terá igual valor.
- b) Traballos teóricos e prácticos realizados na aula e na casa: A realización das actividades propostas no libro de texto ou polo profesor, na aula; se lle darán instrucións para busca autónoma de información en internet e na biblioteca escolar, o uso das webs oficiais das administracións laborais, portais de busca de emprego, a realización de casos prácticos e exercicios de simulación tales como entrevistas de traballo, procurando que alcancen, igualmente, a correcta solución, a presentación e o coidado posto na cumprimentación das actividades propostas, así como a correcta exposición oral, si é o caso (preparación da mensaxe, argumentación e colaboración no traballo en grupo).

Para alumnos que non asistan á clase os días en que se realicen as tarefas teóricas e prácticas terán que pórse en contacto co profesor, na seguinte clase, a fin de realízalas pola súa conta.

ESTE APARTADO b), ten como finalidade axudar o alumno/a na preparación da recuperación e, non é obrigatoria a súa realización. Non terá peso no aprobado ou suspenso da recuperación. Os traballos teóricos e prácticos xa se tiveron en conta na avaliación ordinaria.

As recuperacións realizaranse inmediatamente despois das datas de avaliación. Ao inicio do curso, na primeira clase, indicaranse as datas, hora e lugar de cada unha delas. No caso de modificación nas datas horas e aula, avisarase oralmente na propia clase polo profesor con antelación debida. Non se empregará ningún outro medio de aviso. Os alumnos que se incorporen con posterioridade deberán preguntar ao profesor as datas de realización das probas.

Para a realización das probas de recuperación se exixirá a os alumnos os mesmos requisitos que os expostos no apartado 5 de esta programación, e dicir, todo o que se refire a prácticas fraudulentas (copiar, cambio de follas, etc) e modelo de exames..

Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a recuperación final, se ben poderán facela para mellorar a cualificación obtida pola media aritmética das parciais. Neste caso, a nota final será a acadada na proba final.

En todo caso, será necesario obter un mínimo de 4 nas recuperacións ou nos exames de cada avaliación parcial para poder superar o módulo.

A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, nin ao revés, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de FOL.

Para alumnos que non perderon o dereito a avaliación continua, E TEÑAN SUPERADOS OS TRES TRIMESTRES, A NOTA FINAL DO CURSO SERÁ A CORRESPONDENTE CA REFLEXADA NA TERCEIRA AVALIACIÓN

#### 6a.3.- PERDA DE DEREITO Á AVALIACIÓN CONTÍNUA

Os/Os alumnos que teñan perda o dereito de Avaliación Continua terán dereito a realizar tan só unha recuperación final ou exame final no mes de xuño, na data que se dará a coñecer no primeiro día de clase e que o alumnado poderá coñecer tamén a través da titoría.

A perda da avaliación continua producirase cando se supere o 10 % de faltas de asistencia, que no módulo de FOL, curso 2017/18, equivale a 14, por seren 135 as clases previstas a impartir durante o presente curso académico.

#### 6a.4.- RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS/AS QUE PROMOCIONAN A SEGUNDO CO MÓDULO DE FOL PENDENTE.

Se realizarán no período do 1º e 2º trimestre do curso seguinte. A avaliación terá lugar en marzo, antes da proposta de FCT en período ordinario.

O alumnado será informado das actividades de recuperación do módulo de FOL pendente e das datas das probas obxectivas, do período da súa realización e das datas en que se celebrarán as avaliacións extraordinarias dos módulos pendentes. A tal efecto, e no mes de xuño do 1º curso, realizarase un informe individualizado, indicando os resultados de aprendizaxe non atinxidos polo alumnado, coa finalidade de deseñar as pertinentes actividades de recuperación.

Durante os dous primeiros trimestres do segundo curso o alumnado realizará unha serie de actividades guiadas e orientadas polo profesor/a, e realizará distintas probas obxectivas, que conterán preguntas teóricas e prácticas das tres avaliacións. Para aprobar estes exames é requisito imprescindible obter unha nota mínima de catro.

Así, desenvolveranse as seguintes actividades de recuperación:

- Resolución de exercicios de carácter práctico, que incidan nos contidos que lle supuxeron maior dificultade.
- Repetición das explicacións dos contidos que amosen maior dificultade para os alumnos, resolvendo as dúbidas plantexadas.
- Realización de controis periódicos para determinar se o nivel de coñecemento dos contidos é suficiente.

Aqueles alumnos que en dito período non superen o módulo, realizarán de novo, un plan de actividades de recuperación. A tal efecto, as actividades de recuperación terán lugar durante o período de FCT do 2º curso (abril-xuño), durante o cal, se lle asignarán unas horas de titoría para resolver dúbidas e aclarar conceptos. Neste suposto, a avaliación terá lugar en xuño. A recuperación, con carácter xeral, consistirá nunha proba escrita, individualizada para os contidos de cada avaliación que se teñan pendentes, consistente en preguntas relativas aos contidos especificados para cada unha delas e valorada con criterios numéricos do 1 ao 10, precisando para a súa superación unha nota mínima dun 4.



Ademais desta proba, o alumnado terá que realizar os traballos/monografías que se lle encarguen, así como resolver os casos prácticos plantexados pola profesora cumprindo en prazo e forma coa entrega dos mesmos.

No caso de que o alumnado non supere estas probas obxectivas, o docente valorará se alcanza os mínimos establecidos por lei en canto a contidos e mínimos exixibles para o módulo no seu conxunto. De non acadalos, o módulo quedará suspenso. Os requisitos mínimos para superar o módulo nestes casos son:

-Presentarse a todas as probas que se plantexen ó longo do curso e obter nelas como mínimo unha cualificación final dun 4.

-Realizar os traballos e casos prácticos que se establezan ao longo do curso. Presentar estas actividades en tempo e nas condicións pedidas, coidando a presentación nos traballos, nos exames.

Os alumnos que se atopen nesta situación, e da acordo co titor, se presentarán ante o profesor de fol, ca finalidade de facilitarlle a información contida neste apartado.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

6b. PROCEDEMENTO PARA ALUMNOS CON PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

6b.1.- PAUTAS A SEGUIR POLO PROFESOR.

Os alumnos e alumnas que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua.

Neste caso o profesor ou profesora tomará en consideración os elementos de avaliación de que dispoña, singularmente os exames e os traballos encomendados para os alumnos da clase, que tamén poderán realizar e entregar.

En tal sentido, o alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua deberá estar pendente dos traballos que obrigatoriamente se requiran polo profesor. A non presentación dos traballos non será óbice para a realización de proba, pero si, se serán en conta para obter a nota final do módulo.

6b.2.- NORMAS PARA AVALIAR AOS ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA.

6b.2.1.- EXAMES

a) Proba escrita (poden conter preguntas cortas e exercicios prácticos, preguntas tipo test e preguntas verdadeiro/falso) con todos ou algúns de estos apartados.

Para as preguntas de desenvolvemento, de non establecerse nada, o valor será o mesmo para cada unha delas. Orientativamente, as preguntas das probas serán como mínimo 5 e como máximo 10, podendo conter apartados e subapartados, comprendéndose entre elas algún/s exercicios prácticos.

Nas preguntas tipo test ou verdadeiro/falso, non se valoran negativamente as respostas equivocadas, se ben, será preciso obter un 70% de respostas acertadas.

As preguntas serán corrixidas de acordo a criterios obxectivos, tomando sempre como referencia os textos ou apuntamentos facilitados ao alumnado e poderán incluír contidos das 12 unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

b) Actividades/ casos prácticos que estos alumnos veñen obrigados a presentar (poden ser actividades ou casos prácticos a resolver de forma individual, en parellas ou en grupo).

#### 6b.3.- CUALIFICACIÓN DO MÓDULO.

a) A cualificación virá expresada en numeración arábica, entre o 1 e o 10.

b) A cualificación das probas obxectivas escritas realizados polo alumno, supoñerá un 85% da cualificación, correspondendo un 15% á realización de traballos e actividades.

Para poder aplicar a parte de participación por traballos realizados, a valoración dos exames debe alcanzar unha media de 4 sobre 10. Se non se alcanzase o 4 sobre 10, ou no caso, de que a cualificación obtida polo alumno resultante de aplicar a ponderación anterior sexa inferior á obtida no exame escrito, manterase esta última como cualificación da avaliación do módulo.

#### 6b.4.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

De acordo co art. 25.3 da Orde de 12.07.11 o alumnado que acumule un número de faltas de asistencia superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua. Nestes módulo, esa porcentaxe equivale a non asistir a 14 sesións de 50 minutos, dado que para o presente curso 2017/2018, calendario en man, está prevista a impartición de 135 sesións.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre que o profesorado estableza un procedemento de seguimento da Programación que ten que basearse na revisión semanal de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- a) Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- b) Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- c) Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- d) Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- e) Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- f) TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- g) Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- h) Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- 1.- Cuestionarios anónimos
- 2.- Informes dos traballos en equipo.
- 3.- Notas recollidas na realización de tarefas.
- 4.- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- 5.- Debates.
- 6.- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A) En xeral deben distinguirse tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

- 1.- A inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
- 2.- A formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.
- 3.- A final, realizada ao final do curso e que é o resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua.

B) Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

C) Avaliación Formativa

Desenvólvese ó longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

#### D) Avaliación Final.

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademais dos exames, corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a, a asiduidade -preceptiva e necesaria- e a actitude na clase. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.

#### E) Procedementos para a realización da avaliación inicial.

Ao comezo das aulas, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor ou profesora.

A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado. Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

En cada Unidade Didáctica realizarase un suposto práctico ou un cuestionario inicial que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Compre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

a) Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

b) Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si

Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de

orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo. Vixiar en colaboración dito departamento situacións de acoso que se poidan dar para identificalos e correxilos.

c) Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

d) Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos nos vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá dalgunha diferenza idiomática, por parte de alumnos que procedían de países estranxeiros, de fala castelá, de outras comunidades autónomas ou desta propia comunidade.

Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando puntualmente o vehículo de comunicación ás dificultades do alumno e tratando, en todo momento, de conciliar o dereito dos alumnos e alumnas a percibir e comprender con rigor os coñecementos transmitidos polo profesor, co cumprimento da lexislación vixente nesta materia..

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A LOMCE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos..) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc;

Igualdade de oportunidades / Rexistamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a

importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo profesor ou profesora, en colaboración do Departamento de FOL e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

Charla en colaboración con sindicatos e asociacións patronais.

Visita a algunha empresa do contorno e ao xulgado do social.

Charlas en colaboración co Gabinete de Seguridade de Rande.

Participación activa do alumnado de FOL no simulacro de evacuación do instituto.

Debate sobre a Reforma Laboral contando con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais e/ou de diferentes partidos políticos. Os alumnos prepararán previamente as preguntas. A actividade durará aproximadamente dúas horas, e ao remate os alumnos, por equipos, realizarán un resumo da charla, recollendo as posturas de cada un dos conferenciantes.

Visión de películas como ferramenta de aprendizaxe e axeitada tralas as sesións de avaliación de cada trimestre. Entre outros filmes, pola temática próxima ao entorno do Instituto: Los lunes al sol.

Actividades extraescolares organizadas polo centro. Deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, polos profesores do Departamento en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.

Visita a unha oficina do Servizo Público de Emprego: comprobación en espazo e tempo real de cómo se tramitan as solicitudes de prestación por desemprego e outras accións de formación e orientación laboral lavadas a cabo na oficina. Esta actividade deberá desenvolverse unha vez traballadas as unidades relacionadas coas Relacións Laborais e a Seguridade Social.

Visita aos Xulgados do Social de Vigo: trátase de coñecer as instalacións e asistir a algún xuízo no que se diriman asuntos relacionados coas unidades do módulo, como poden ser: despedimentos, determinación da relación laboral, accidente de traballo.

Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

Todo o anterior si as condicións sanitarias o permiten.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Secuenciación da programación

Na primeira clase de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. O profesor recomendará os alumnos/as como ferramenta de consulta o libro de Formación e Orientación Laboral,

Será informado igualmente da realización das probas de avaliación e das normas de réxime interno que rexen a vida da comunidade educativa do IES Politécnico de Vigo.

Serán informados igualmente das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados.

O resumo da programación que se entregará aos alumnos, en soporte papel ou nun arquivo .pdf, conterá os seguintes epígrafes:

- Obxectivos do módulo de FOL.

- Unidades didácticas que se impartirán por trimestre.
- Metodoloxía.
- Datás de avaliación.
- Avaliación do módulo.
- Recuperación do módulo.
- Recursos e materiais.
- Baixa na avaliación continua.

Como acreditación da súa entrega pedirase a firma do Delegado de curso. A asistencia á clase, sen que conste falta, será indicativa de que o alumno/a foi informado dos aspectos esenciais desta Programación, así como da mecánica das probas trimestrais e final e das datas fixadas para elas.

## 10.2) AULA VIRTUAL CESGA

### 10.2 AULA VIRTUAL CESGA

Para esta materia dispónse dunha AULA VIRTUAL aloxada na páxina web del IES POLITÉCNICO de Vigo e cun enlace ca aula virtual CESGA:

<https://aula.cesga.es/>

Cada alumno/a será rexistrado polo profesor para poder descargar todo o material empregado para a impartición deste módulo e subir os traballos realizados.

Para cada unidade didáctica, o alumnado dispoñerá de todo material empregado para a impartición do módulo:

- Apuntamentos (documento Word) e Presentación PowerPoint
- Vídeos explicativos
- Actividades
- Material complementario: Normativa, páxinas web de consulta, artigos técnicos etc.

**CLASES PRESENCIAIS.** Neste caso o profesor fará a exposición de cada unidade didáctica con presentacións PowerPoint. Resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo e comentarase artigos e vídeos relacionados cos contidos de cada unidade didáctica. Na aula virtual subiranse vídeos, enlaces relacionados ca materia e exercicios para resolver. No caso de traballar en equipo utilizaranse ferramentas dixitais.

- As primeiras clases adicaranse a presentar a programación do módulo. Ademais, o profesor, fará o rexistro e matrícula nos diferentes cursos da aula virtual e explicarase o seu funcionamento.

**CLASES A DISTANCIA.** Para resolver dúbidas e coincidindo con datas próximas aos exames, poderán programarse clases telemáticas, fóra do horario escolar e de forma voluntaria.



### 10.3) Equipos informáticos e conectividade a internet

#### 10.4 Equipos informáticos e conectividade a internet.

A comezos de curso pedirase ao alumnado que cumprimenten un cuestionario para coñecer a dispoñibilidade de medios informáticos e conexión a internet tratando detectar as posibles carencias para tratar de solucionarlas.